

Asunto: informe sobre Parque eólico REBOIRO

Promotor: Green Capital Power, SL

Localización: Concellos de Baralla, Castroverde e O Corgo (Lugo)

Clave: IN 408A 2018/041.

ANTECEDENTES:

o proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalacións do parque eólico de referencia .

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto ambiental da actuación Parque Eólico REBOIRO nos termos municipais dos Concellos de Baralla, Castroverde e O Corgo (Lugo) e a través Servizo de Enerxía e Minas de Lugo, se solicita informe dentro das nosas competencias, especialización ou ámbito de actuación, sobre o devandito documento a través de rexistro o día 15 de Febreiro de 2022 ,á cal fai mención o seguinte informe.

DATOS TECNICOS.

O Parque proxectado está formado por 11 aeroxeneradores acadando una potencia total de 49,5 MW, o modelo de aeroxenerador terá un diámetro máximo de rotor de 158 m e altura máxima de buxe ata 121 m.

INFORME

Segundo o Estudio de Impacto Turístico do Proxecto Parque eólico de REBOIRO tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construción pode se considera significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo.
- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.

Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recurso naturais, o de seus procesos fundamentais de funcionamento que produza o poda producir no futuro repercusións apreciable, é necesario que se establezan medidas preventivas o correctoras no desenrolo da explotación.





CONCLUSIÓNS

As afeccións á explotación de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o Parque eólico de REBOIRO no turismo rural local así como na súa contorna é **REDUCIDO**, e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental, de tal xeito que as afección a elementos arqueolóxicos existentes debe ser analizado desde o punto de vista patrimonial.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

